

Carballo, punto de encontro

Pregón de María Reimóndez para a Praza dos Libros de Carballo

11 de xullo de 2019

Igual que o mar e a terra se unen en Carballo, dende o areal de Baldaio-Razo ata a Férveda de Rus, os libros son hoxe o noso punto de encontro. Foron, para min, a primeira e repetida ocasión para volver a esta vila, para buscar en Bergantiños esa terra de acollida que tamén trouxo a tantas persoas doutros lugares a convivir con nós, a enriquecernos.

Os libros traen a nós os mares e os ríos, as montañas, as mámoas. Son amplos e diversos coma o océano. A literatura galega é hoxe un espazo que vai medrando en historias, que destaca entre as máis creativas e potentes da península. Medra cada día grazas ao espírito crítico que falar unha lingua deostada e desprezada outorga. Usamos a palabra coma o sacho que constrúe outra maneira de ser en sociedade. Somos a alternativa ao capitalismo voraz, a aquilo que nos di que só valemos segundo o que pesemos, segundo o que midamos, segundo os cartos que teñamos. Fronte a quen di que as linguas son punto de desencontro, o galego demostra o contrario, porque fai que nos encontremos coas que viñeron antes e tendamos pontes coas que virán logo, tecendo dende a nosa posición un complexo sistema dunar e rebelde.

Só dende o afecto pola lingua e a literatura propia podemos facer fronte á especulación, ás actividades que destrúen o medio e o patrimonio, á cobiza. Porque quen valora o que lle agroma pola boca dende o inmediato ten sempre presente o territorio, a natureza. Faise salvaxe como é o mar e o monte en toda a comarca de Bergantiños, como afoutas son as súas xentes, sobre todo aquelas que se negan a roubarlles ás xeracións futuras a chave coa que abrir todas as portas. Se hai algunha esperanza para o planeta, esta parte das persoas que falamos linguas coma o galego, achegadas ao territorio, con afán por conservalo ante os ataques do capital.

Porque en momentos de fondo desencontro nos que vivimos, cando a todas horas se nos anima a apoiar a quen ten o poder, na literatura galega atopamos unha alternativa vizosa na que acollernos e acoller. Na nosa literatura existen as historias que nos nutren e nos ensinan a ser críticas. Buscamos, ademais, a través da tradución, as nosas iguais. Acollemos a quen vén de fóra para que traia algo de si e para que leve algo de nós. En galego lemos hoxe en día aquelas que os sistemas literarios hexemónicos non queren escoitar. E nada máis

importante ca iso nos tempos do racismo, da xenofobia e do fascismo a andar con varias caras polas nosas rúas.

No mundo das noticias falsas, das medias verdades para beneficio dos de sempre, das pantallas e do veloz, precisamos máis ca nunca o encontro dos libros. Porque os libros son o remanso de paz, da introspección, de entrar noutras vidas. Son, tamén, un espazo para dar voz a quen nunca a tivo. Ás mulleres que durante tanto tempo fomos expulsadas do discurso, que traballamos o peixe e mais o pan. A aquelas que fomos retratadas sen poder nunca nin sequera protestar. As mesmas que seguimos sendo retratadas cada día como mentireiras, como as das "denuncias falsas" ou, como se dicía antes "as que lle estragan a vida ao home". A literatura ten o poder de transformar esa caricatura machista que xustifica e está na base das violencias que se exercen contra nós. Ten a capacidade de darnos a palabra para contar a outra cara da historia, para contar dende a carne o que as cifras só transmiten de xeito aterradoramente intermitente, como uns puntos suspensivos que marcan a liña da vida de tantas.

Durante demasiado tempo foron os agresores quen tiveron a palabra, séguena tendo nos xulgados, nos medios, nas rúas e nas casas. Mais as escritoras, dende Rosalía de Castro ata a actualidade, decidimos poñer a palabra onde cómpre e escribir un relato ben distinto daquel que se nos transmitiu, para construír coa certeza da creatividade diversa un espazo onde non só se lle outorgue voz aos homes brancos heterosexuais. Só dende o poder dun imaxinario diferente seremos quen de acabar co terrorismo machista dende a base, só así crearemos unha sociedade na que a paz estea ao alcance de todas, onde a masculinidade deixe de significar violencia e depredación sexual e onde deixemos por fin de meter as persoas en caixas segundo os seus xenitais, a súa orientación sexual, a súa expresión de xénero. A literatura ten poder para transformar todo iso e moito máis.

A literatura galega é, en tempos de desencontro, o espazo para o encontro. Mais para que este se produza, precisa dunha praza, dun espazo público para ser compartida. Vivimos nun país onde os medios públicos se desmantelan, desinforman e desprezan as súas profesionais, que levan 59 semanas de venres negros para denunciar a manipulación e malas prácticas na Radiotelevisión de Galicia. Temos xornais que insisten en facernos crer que o galego é unha eiva. Medios que fan que sexa máis doado saber que lle pasa a Isabel Pantoja que o que se presenta e escribe aquí en Carballo. Os libros en galego aparecen pouco no espazo público, carecen do apoio institucional que os saque das partes de atrás das librarías.

Fronte a todo iso, ferve unha rede de clubs de lectura, de docentes comprometidas, de lectoras que crean o tesouro máis grande: a praza, o punto de encontro. Tecemos cada día, escritoras e lectoras, un mundo alternativo de alianzas que nos manteñen vivas. Porque sen querer o próximo, sen a reflexión crítica, sen a capacidade de fabular a nosa vida, temos perdido o hoxe mais sobre todo o mañá. Todas somos necesarias, cada palabra que nos reúne, conta. E iso é o que hoxe abrimos, o espazo que nos ensina o valor do encontro entre as que escribimos e as que lemos, entre as que ilustran e as que observamos, entre as que cantan e as que bailan. Non hai nada máis importante ca iso. Contra o desencontro que asexo, nós rebelámonos, en Carballo, na Praza dos Libros.